

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Ano: 2020 / Mes de Abril / illados polo coronavirus

EN PLENA CORENTENA

Cesáreo preparándose para o Gran Premio de Motociclismo “Sálvora 2020”

Os camiños e corredoiras de Ons, serven a Cesáreo para adestrarse para esta importante carreira.

Páx. 1

Ons na Memoria: Peirao no ano 1979

Páx. 2


VECIÑOS E ONS Á ESPERA

Os illáns agardan que remate pronto esta pandemia para xuntarse de novo nas súas célebres papadelas nos bares da Illa.

Páx.1



“PineirÓns” á espera de sacar o nº: 25 da súa revista cultural AUNIOS. Páx.2



Cando remate a corentena, seguiremos coa nosa loita. Así fala a Directiva dos veciños de Ons. Páx. 2



Facendo Dornas en época de corentena na Illa de Ons. Cesáreo un veciño polifacético. Páx. 2

Arturo Sánchez Cidrás, narra no seu Blog a “Crises médicas en xeral e Illa de Ons – 1884-87 – Epidemia- II”
<http://acidras.blogspot.com/>

Páx. 3

GRAN PREMIO DE MOTOCICLISMO “SÁLVORA 2020”

Cesáreo xa está preparando este Gran Premio en Ons, aproveitando a corentena. Terá lugar na Illa de Sálvora no mes de agosto de 2020, ou iso esperamos. Os seus enxeñeiros e mecánicos coidan que ten todas as bazas para gañar esta importante carreira e atópanse en Ons seguindo os seus adestramentos.



A moto de Cesáreo é poderosa, anda polos camiños coma Pedrosa.

Está a aproveitar a ocasión para probar os sistemas de freo, en especial o exclusivo “Frenáncora”, que lle vén moi ben para costas moi pronunciadas. Ten pensado ensaialo nas costas do Xobenco, Caniveliñas e de Chan da Pólvora. É un sistema exclusivo, inventado por el, que consiste en botar a áncora pola popa da moto cando ve que o freos convencionais fallan.



O “Frenáncora” tamén serve para evitar roubos ou cando se aparca en costa.



Cesáreo en Ons, ten moitos seguidores. Aquí vemos, na de Checho, a un bo número de veciños seguindo por televisión o gran premio “Illas Cíes” celebrado no 2010, onde se proclamou campión das Illas Atlánticas, deixando atrás a Márquez, Pedrosa e Lorenzo.

BREVES

Non entendemos moi ben o por que o Centro de Visitantes de Ons está pechado.

Coidamos que debería abrir de mañá e tarde no verán e, na primavera, estar a disposición do público que veña á Illa.

Aquí temos a “Caretas” esperando na porta de entrada para visitar o Centro.

Mandou unha couce ao aire de protesta porque non lle abriron.



VECÍÑOS DE ONS Á ESPERA

No verán algúns dos veciños de Ons, teñen o san costume de botar a partida ao dominó polas mañás.

A iso das 10, xa os podemos ver nerviosos polas proximidades do seu domicilio. Maquí e Pepucho polo Curro alto, Abelino e Milucho polo Curro baixo, Arturo no Canexol, Pepe de Miro no Caño,..., que, facendo o disimulado, van baixando cara á taberna, para, á carreira, coller sitio na mesa para a primeira partida.

Cando en Ons se senten fortes tremores, case de 7 na escala Richter, todos os veciños saben que hai partida na de Checho. O petar na mesa das fichas de dominó, séntese en quilómetros á redonda.

Pero, despois da partida, vén a papadela. Na mesa un magnun de Rioxa e para acompañalo pode ir dende unha boa fritada de xardas ata uns bos percebes, é por iso que, nestes intres están á espera de que o coronavirus ese, non estrague a cousa e haxa un tranquilo verán.





Curiosa imaxe do peirao de Ons en 1979.

Vemos o barco “Novo Sardiña” de Arturo Reiriz, co seu típico xeito de amarrar o barco ao peirao.

O guindastre, que a Autoridade Portuaria instalou para subir mercadorías dende os barcos.

Tamén podemos observar as tabernas de “Checho” e o “Acuña” antes das reformas.

Revista Cultural AUNIOS nº 25

Pineiróns, entregou á imprenta, a principios do mes de marzo, todo o material para a súa maquetación .

A montaxe e as correccións xa están feitas e, se todo estivera normal, no mes de maio estaría xa na rúa, pero esta grave pandemia, non só vai retrasar a súa saída, senón que é posible que haxa que deixala para momentos económicos máis propicios. Ter en conta que a revista sae grazas ás doazóns por publicidade e as cousas non van a estar para que os autónomos teñan eses gastos. Esperemos a ver



Pero, non todo ía a ser motociclismo, Cesáreo, que seguiu os pasos de Cachote na técnica de arranxar as dornas illáns, agora, xa xubilado e máis nas duras corentenas invernais que ano a ano pasa na Illa, tamén constrúe unhas típicas Dornas para pasar o tempo.

A dorna de Cesáreo, ten un toque moi parecido as tradicionais embarcacións de Nazaré (Portugal).



A directiva da Asociación de Veciños de Ons, está á espera de que remate esta pandemia para volver ás súas reivindicacións co fin de evitar os problemas de cotas que houbo o pasado verán

CRISIS MÉDICAS EN XERAL E ILLA DE ONS – 1884-87- EPIDEMIA

Arturo Sánchez Cidrás . <http://acidras.blogspot.com/> 3 de abril de 2020

...Outros, máis que poñer remedios abondosos, o que fan é mitigar un pouco as carencias que lle deron pulo á enfermidade como ocorreu na epidemia tífica de 1887 na illa de Ons: “... o tífus causa horrorosas vítimas nos humildes habitantes da illa de Ons, habendo elevado estes ao Gobernador unha instancia en solicitude de facultativo, medicinas e roupas. O Gobernador Sr. Fragoso ordenou, vaia a dito punto un médico da capital que estudie as causas do mal e propoña as medidas hixiénicas que poidan contribuír a cortalo”[2]. E en contestación a este reclamo a actuación do poder central é a de: “Polo Ministerio da Gobernación, foron concedidas 1500 pesetas para remediar en parte a aflitiva situación dos habitantes da illa de Ons”[3].

Segun informan á un periódico de Pontevedra el tífus causa horrorosas víctimas en los humildes habitantes de la isla de Ons, habiendo elevado éstos al Gobernador una instancia en solicitud de facultativo, medicinas y ropas.
El Gobernador Sr. Fragoso ha ordenado, vaya á dicho punto un médico de la capital que estudie las causas del mal y proponga las medidas higiénicas que puedan contribuir á cortarlo.

El Lucense 5-9-1887 p 2

Por el Ministerio de la Gobernacion, han sido concedidas 1500 pesetas para remediar en parte la aflictiva situación de los habitantes de la isla de Ons.

Descoñezo ao médico que foi enviado a Ons. Anos despois, primeiros do s. XX, outra vez por tífus lle foi pedido que acudise á illa, ao que co tempo sería dono de Ons, o Dr. Manuel Riobó, recen chegado de Filipinas onde durante un par de décadas fixo fronte con éxito a distintas epidemias (disentería, variólica, febres palúdicas, etc.). Aquí en Ons, xa dobregada a enfermidade, recibiu unha carta de recoñecemento do alcalde de Bueu e os parabén dos seus veciños.

[2] El lucense do 5 setembro de 1887.

[3] Crónica de Pontevedra do 8 outubro de 1887.

Breves

O bergantín-goleta e buque escola da Armada “Juan Sebastián de Elcano”, sucou as augas das Illas de Ons o pasado sábado día 11 de abril.

Segundo “Radio Aloloco” correu o bulo de que ían levar víveres aos confinados en Ons. Parece que levaban tamén o afrodisíaco <Konastrón> que din que: - é bo para o aparato e tamén para o corazón-.

O certo é que o Elcano estivo ata a noite navegando entre as Illas Cíes e Ons.



Este pasado verán 2019, o popular presentador da sexta, Gran Wyoming, achegouse ata a Illa de Ons e non quixo perder a oportunidade de facerse una foto co Tinón de Ons.